



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LAXE

Exposición pública do padrón da taxa de abastecemento de auga e conservación de contadores e acometidas, 4º trimestre de 2024

ANUNCIO

Por Decreto da Alcaldía Nº 939/2024 de data 12/12/2024, aprobose o Padrón da taxa pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e pola conservación de contadores e acometidas, así como polos canons de auga e de coeficiente de vertidos, correspondente ao 4 trimestre de 2024, o citado padrón importa as seguintes cantidades:

- pola taxa de abastecemento de auga: 29.113,59 euros,
- pola taxa de conservación de acometidas: 1.153,35 euros
- pola taxa de conservación de contadores: 1.225,45 euros
- máis o IVE que importa 3.416,00 euros (504,53 euros cota 21% e 2.911,47 euros cota 10%)

Obtendo un resultado final de 34.908,39 euros máis o canon de auga por importe de 12.356,34 euros e de xestión de depuradoras por importe de 14.115,33 euros.

Por medio deste edicto exponse ao público o Padrón da taxa pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e pola conservación de contadores e acometidas, así como polos canon de auga e de coeficiente de vertidos, correspondente ao 4º. trimestre de 2024 polo prazo do QUINCE días hábiles, contados a partires do día seguinte ao da publicación do devandito anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Esta exposición actúa como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O prazo do período de cobranza en voluntaria do Padrón da taxa pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e pola conservación de contadores e acometidas, así como polos canon de auga e de coeficiente de vertidos, correspondente ao 4º. trimestre de 2024 será de DOUS MESES contados a partir do día seguinte ao da exposición pública do devandito padrón.

Para o cobramento dos citados tributos a empresa Viaqua S.A. remitirá ao enderezo dos contribuíntes un recibo co obxecto de que o seu importe sexa ingresado, tal como se establece no indicado recibo. Así mesmo faise constar que o cobramento do canon da auga en período voluntario será unitario co seguido para recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga.

Aos contribuíntes que teñan domiciliado o pagamento nunha entidade financeira, os recibos seránlles cargados na conta por eles indicada, transcorridos QUINCE DIAS despois de iniciado o período de cobramento.

Transcorridos estes prazos iniciárase o período executivo e a débeda resultante esixírase polo procedemento de constrinximento, logo de devengar o recargo de prema, xuros de mora e, no seu caso, as custas que se produzan.

No que respecta ao canon da auga, a falta de pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente o contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poder ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a xunta superior de facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante padrón.

Contra o presente acordo, que é definitivo na vía administrativa, poderáse interpor no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de A Coruña, conforme ao disposto nos artigos 6 e seguintes (Capítulo II) da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición. Tamén poderá facer uso, con carácter previo e potestativo, do recurso de reposición establecido no artigo 52.1 da Lei de Bases do Réxime Local segundo nova redacción dada pola Lei 11/99, do 21 de abril, en relación cos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a exercer no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante o Alcalde- Presidente deste Concello; sen prexuízo de que así mesmo poida utilizar calquera outro recurso que considere axeitado a dereito.

Contra as liquidacións tamén poderá interpor, ante o mesmo órgano, o recurso de reposición, no prazo dun mes, (igualmente contado desde o día seguinte ao da notificación) ao que se refire o artigo 108 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local de 2 de abril de 1985, tal como preceptúa o artigo 14.4 da Lei 39/88, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, debendo terse en conta as condicións e circunstancias, previstas neste artigo.

Contra a resolución expresa ou tácita do recurso de reposición poderáse interpor o contencioso – administrativo ante o dito Tribunal, nos prazos e forma indicados no parágrafo primeiro.

Laxe, 12 de decembro de 2024

O Alcalde

Francisco Charlín Oróns

2024/9025